



ECO-IDEAS ADEGA

Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena do Covid-19



OBXECTIVOS:

Promover e difundir o uso da bicicleta

Coñecer as vantaxes ecolóxicas da bicicleta para frear o Cambio Climático

Coñecer propostas de promoción da bicicleta como medio de transporte

RECURSOS:

Revista Cerna:
<https://adega.gal/revistacerna>

Outros:
<https://conbici.org/>
<https://ecf.com/>
<https://ciudadesporlabicicleta.org/>

A BICICLETA E O CAMBIO CLIMÁTICO

Coñeces as vantaxes de desprazarte en bicicleta no teu día a día? Nesta eco-idea queremos amosarche todos os beneficios que ten o uso da bicicleta como medio de mobilidade persoal, así como o seu papel protagonista na mobilidade sostible e na loita contra o cambio climático. Ademais, damos a coñecer diversas propostas que promoven o uso da bici nos desprazamentos diarios.

A bicicleta, unha aliada contra o cambio climático

As vantaxes de usarmos a bicicleta na nosa mobilidade diaria son ben numerosas, xa que a bici é un medio de transporte ecolóxico, non contaminante, barato e rápido nos desprazamentos porta a porta, ademais de que é un medio bo para a saúde e para reducir os niveis de estrés. O seu uso tamén axuda a diminuír o tráfico e as emisións contaminantes, gañando espazo público roubado polo coche así como saúde ambiental.

Segundo o último inventario de emisións de gases de efecto invernadoiro, o tráfico rodado supuxo no 2018 o 25% das emisións totais, centrándose un terzo destas en áreas urbanas. Ademais, os coches constitúen un dos principais focos de contaminación acústica. Pola contra, a bicicleta é silenciosa e emite cero emisións de GEI polo que se converte nunha perfecta aliada para poñer freo ás consecuencias do cambio climático e para construímos cidades máis habitables, seguras e sostibles.

A mobilidade sostible e a intermodalidade

Para que a bicicleta sexa protagonista nas rúas é preciso repensar o modelo de mobilidade urbana. As políticas de mobilidade teñen que apostar pola intermodalidade e dar prioridade ás peoas e ás ciclistas, seguido do transporte público, da loxística e por último dos vehículos privados como o coche. Para isto é preciso dotar de infraestruturas como carrís bici e ciclocarrís ás cidades, acompañadas de políticas de pacificación do tráfico e de disuasión no uso do coche. Limitar a velocidade a 20 km/h, peonalizar ou reducir aparcadoiros serían estupendas medidas para eliminar a percepción de inseguridade das ciclousuarias e incrementar así os desprazamentos diarios en bicicleta.

Na Galiza existen asociacións en defensa da bici como [A Golpe de Pedal](#), [Pedaladas](#), [Composeleta](#) ou [Crunia](#), ou ben [ConBici](#) de ámbito estatal. Animáste a coñecelas e a apoialas asociándote?



INICIATIVAS A PROL DA BICICLETA

Masas críticas para pacificar o tráfico

A masa crítica é un fenómeno de ciclousuarias que ten lugar en máis de 300 cidades do mundo, xeralmente os últimos xoves ou venres do mes. Baixo o lema "Pedalea todos os días, celébrao unha vez ao mes", este fenómeno pretende dar a coñecer as vantaxes do uso da bicicleta nos desprazamentos diarios, así como visibilizar a necesidade de políticas activas en materia de mobilidade sostible. Na Galiza ten lugar todos os meses en cidades como Vigo, A Coruña, Pontevedra, Lugo, Ourense ou Compostela co fin de pacificar o tráfico rodado. Préstache vir?

Campaña #30díasenbici e #TrainForCyclists

A campaña "30 días en bici" promove o uso cotián da bici e convida a sumarse a este reto todos os días de abril, mentres que "Train For Cyclists" procura fomentar a intermodalidade entre a bici e o tren. Podes procurar máis info nos cancelos #30díasenbici e #TrainForCyclists

Rede de cliclovías para Vigo: o ocaso da cidade das costas

Alexandre Mouriño Fernández

Vigo ten sido historicamente a cidade galega esquecida en termos de mobilidade ciclista. Na actualidade, as presións das asociacións a prol do uso da bicicleta como medio de transporte parecen por fin ter espertado do seu letargo á grande urbe galega con respecto á mobilidade sostible.

 *Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente. N.º. 77, 2017, páxs. 40-43*

Introducindo as bicicletas nas cidades: a proposta para Lugo


Jesús Ángel Martínez Espiñeira

Neste artigo, o autor do "Proxecto de Promoción da Bicicleta en Lugo" explica con que criterios se elaborou esta proposta e a necesidade da promoción nas cidades galegas deste vehículo de transporte. A iniciativa procura a utilización segura da bicicleta como medio de transporte habitual na cidade.

 *Cerna: Revista galega de ecoloxía e medio ambiente. N.º. 75, 2016, páxs. 42-45*

PARA AS MÁIS PEQUES DA CASA

Eco-encrucillado



1. Encontro de ciclousuarias para pacificar o tráfico
2. Vía para ciclousuarias

3. Efecto das emisións nocivas dos coches
4. Medio de transporte sostible e ecolóxico
5. Aglomeración de coches na vía pública

PROPOSTA DE PRÁCTICAS:

Despois do confinamento, achégate á masa crítica da túa vila ou cidade!

Súmame cada ano ao reto #30díasenbici e desprázate ao teu centro de traballo ou de estudo en bicicleta

LECTURAS RECOMENDADAS

"La revolución silenciosa: la bicicleta como motor de cambio en el siglo XXI", Dani Cabezas

